

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA, PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DESTINADOS ÁS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN E DISCAPACIDADE INTELLECTUAL E ÁS SÚAS FAMILIAS E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2023**

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude

A Federación Down Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións có número 1998/000003-2ª tendo por finalidade coordinar, apoiar e impulsar a labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 está prevista unha subvención nominativa a favor desta entidade, polo que para a súa instrumentación, conforme ao previsto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e en congruencia cos obxectivos citados, resulta conveniente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Down Galicia para levar a cabo programas de atención a persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, e as súas familias e o mantemento da entidade.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento da Federación Down Galicia e dos programas que a Federación Down Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2023 destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias.



Os programas están orientados a promover a autonomía persoal e a prevención da dependencia, e artéllanse nas seguintes áreas

1. Área de atención temperá:

Programa de atención temperá.

2. Área de formación e emprego:

- a. Programa de formación para o emprego.
- b. Programa de inclusión laboral (emprego con apoio).
- c. Programa de orientación laboral.

3. Área vida adulta e independente:

Programa de autonomía e vida independente.

4. Área transversal:

- a. Programa de relacións institucionais.
- b. Programa de constitución, dinamización e mantemento de redes de traballo.
- c. Programa de coordinación interasociativa, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo. Programa de captación de recursos.
- d. Programa de administración e xestión.
- e. Programa de accesibilidade.
- f. Programa de comunicación, información e sensibilización social.
- g. Programa de desenvolvemento tecnolóxico e comunicacións.
- h. Programa de apoio e formación de profesionais.
- i. Programa de calidade.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **un millón douscentos sete mil seiscentos oito euros (1.207.608,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.25**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A dita cantidade destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira.

Na cláusula sétima do convenio prevese un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto ben motivado porque ao tratarse de entidades sen ánimo de lucro, unha parte importante do seu financiamento procede das Administracións Públicas, e non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con discapacidade, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades



bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecusto que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, na Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Persoas con Discapacidade  
Fernando González Abeijón

